

Sumario | nº11 – Novembro 2021



PRIMEIROS PASOS

*Benvida* ao curso  
2021-2022

Consellos  
*para preparar  
a defensa da tese*



OPINIÓN

O Premio Extraordinario  
de Doutoramento e o seu  
valor engadido

EDIUS NOVAS

Aberta a inscrición  
para tomar parte  
no Programa  
de Innovación  
Akademia



EDIUS NOVAS

Reunión  
informativa  
para alumnos/as  
da EDIUS



EDIUS NOVAS

O Día da Ciencia  
en Galicia homenaxea  
a Jimena Fernández  
de la Vega, primeira  
licenciada en Medicina  
pola USC



EDIUS NOVAS

AgroMar reforza a defensa  
da necesidade de  
actividade científica e  
a mellora dos dereitos da  
mocidade investigadora



EDIUS NOVAS

Premio 'Roberta  
Kevelson' para  
a doutoranda  
Jamila Farajova



catro  
cousas



ENTREVISTA

Susana Rodríguez

«As condicións  
financieiras e de vida,  
xunto coa incerteza  
laboral, son os  
factores que máis afectan  
ao benestar emocional no  
período da tese»



PRIMEIROS PASOS

# *Benvida* ao curso 2021-2022

Se este é o teu primeiro curso na EDIUS, queremos, en primeiro lugar, darche a benvida e ofrecerche algunha información relevante para que o novo camiño que agora comezas che resulte o máis sinxelo e práctico posible. Imos comezar polos puntos máis básicos.

## Primeiros pasos para novos/as doutorandos/as

1

Entra na túa Secretaría Virtual (SV)

### Información persoal

Notas por móbil  
Estatística  
Enquisas sobre a docencia recibida  
Eleccións

### Expedientes

Consulta de expediente

#### ■ No apartado Datos persoais

Comproba os teus datos de contacto, **en especial o teu enderezo de correo electrónico**, dado que a meirande parte das comunicacións oficiais faranse a través desta canle.

Se pensas que non vas revisar con frecuencia o teu enderezo electrónico on extensión @rai.es, deberías derivar as mensaxes ao teu correo habitual.

#### ■ No apartado Expediente Doutoramento RD 99/2011

- Verás a **data de inicio dos teus estudos** de doutoramento, que é o día despois da fin do prazo da túa matrícula: este curso foi o 8 de outubro.
- Do mesmo xeito, **verás que xa tes asignado un/ha titor/a**. No prazo máximo de tres meses, o teu Programa asignarache o/a director/a ou directores/as de tese correspondentes. No caso de estar interesado/a en que che asignen un/ha director/a en concreto, deberás solicitalo por correo electrónico ao teu programa por medio do enderezo institucional pd.xxxx@usc.gal. A Comisión Académica do teu Programa (CAPD) valorará a túa petición.
- **NOTA:** Non está habilitada a posibilidade de solicitar un/ha director/a de tese a través da secretaria virtual. A través desta plataforma só se poderá solicitar un cambio de director/a.

## 2 Formaliza o Compromiso Documental de Supervisión (CDS)

O Compromiso Documental de Supervisión (CDS) é o documento que recolle as funcións de supervisión, tutela e seguimento dos doutorandos/as. Nel, aparecen especificadas as condicións para realizar a tese, os dereitos e deberes do/a doutorando/a, propiedade intelectual e/ou industrial derivadas da investigación, a aceptación do procedemento de resolución de conflitos, así como os deberes do/a titor/a, do/a doutorando/a, así como do seu director ou directora de tese.

A formalización do Compromiso Documental de Supervisión, que en cursos anteriores requiría dunha sinatura manuscrita ou electrónica, este curso será realizada de xeito electrónico e consistirá unicamente **na túa aceptación mediante un click do documento pola túa Secretaría Virtual**. Esta alerta aparecerache a partir deste mes de novembro.

## 3 E ten presente que existe un prazo para que subas o teu Plan de Investigación

**Debes presentalo antes do 8 de abril de 2022**, mais o apartado correspondente para poder subilo a través da túa SV só estará operativo **unha vez teñas asignado un/ha director/a de tese**.

**NOTA:** Lembra que o idioma do contido do teu Plan de Investigación debe ser o mesmo que o idioma no que teñas previsto redactar a túa tese de doutoramento.



## Outros temas de interese para os/as doutorandos/as

1

### Actividades formativas

#### Actividades

As miñas actividades  
Test Nivel CLM

Podemos dividilas en tres grupos dependendo da súa orixe:

- a. Actividades propias do teu Programa de Doutoramento, que se encargará de manterte informado/a da súa impartición e do carácter obrigatorio ou optativo das mesmas. **A matrícula nestas actividades non se realiza a través da SV.**
- b. Actividades transversais ofertadas pola EDIUS, cuxa información está dispoñible na ligazón: <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/actividades-formativas> . **A matrícula nestas actividades realízase por medio da túa SV.**
- c. Outras actividades realizadas por ti e relacionadas co desenvolvemento da túa tese, xa sexa na USC ou noutra institución.

Todas estas actividades debes adxuntalas na túa SV no apartado de “Documento de Actividades” antes do 30 de xuño de 2022.

#### Documento de actividades

Neste apartado amósase o documento de actividades.

Non existe ningún documento de actividades.

[Prema aquí para crear o documento de actividades](#)

1 **Actividades formativas**

De cara a completar o documento de actividades, ten en conta que estas clasifícanse en:

- + Estancias noutros Centros de Investigación
- + Cursos de formación
- + Publicacións en revistas nacionais o internacionais
- + Outras actividades relacionadas co traballo da tese (patentes, organización de congresos/seminarios, etc )
- + Asistencia a Congresos e Xornadas Científicas Nacionais ou Internacionais

\* **Finalmente, os correos de contacto segundo as túas consultas**

Para temas de:

- Admisión, matrícula, cambios de dedicación, prórrogas ou baixas: [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)
- Actividades formativas ofrecidas pola EDIUS: [edius.formacion@usc.es](mailto:edius.formacion@usc.es)
- Temas académicos, asignación de títors e directores: o correo electrónico institucional do voso programa [pd.xxxx@usc.es](mailto:pd.xxxx@usc.es)
- Problemas informáticos ou de acceso á secretaria virtual: [cau@usc.es](mailto:cau@usc.es)
- Consultas sobre tipos e trámites das teses de doutoramento: [edius.teses@usc.es](mailto:edius.teses@usc.es)
- Para calquera outra pregunta a [edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)



Teresa Fanego Lema

Artes e Humanidades

**«Ten unha gran importancia a valoración e puntuación extras outorgadas ao premio tanto nas solicitudes de acreditación presentadas a ANECA como nos concursos a prazas de profesorado Axudante Doutor e Contratado Doutor»**

OPINIÓN

## O Premio Extraordinario de Doutoramento e o seu valor engadido

Os premios extraordinarios de doutoramento son a máxima distinción académica que pode acadar unha tese; poden optar a el as teses que teñan obtido a calificación de sobresáinte e a mención *cum laude*.

Para alén deste requisito administrativo inicial, cada Escola de Doutoramento acorda as súas propias bases e debe facelas públicas na convocatoria anual correspondente. No caso da USC, o pasado mes de setembro abriuse o período de solicitude do premio extraordinario para as teses defendidas con *cum laude* durante o curso académico 2019/2020; prevese que o listado dos candidatos seleccionados en cada unha das cinco grandes áreas de coñecemento (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura) se coñeza antes de que conclúa o ano.

O premio extraordinario de doutoramento, que exige de abonar as taxas da secretaría en concepto de expedición do título de Doutor, representa, en primeiro lugar, unha gran satisfacción persoal como recoñecemento oficial ao traballo ben feito. Ademais disto, para aqueles que continúan a súa carreira no mundo académico, ten unha gran importancia a valoración e puntuación extras outorgadas ao premio tanto nas solicitudes de acreditación presentadas a ANECA —a Axencia Nacional de Evaluación da Calidade e Acreditación— como nos concursos a prazas de profesorado Axudante Doutor e Contratado Doutor. Fóra da academia, a condición de doutor é en si mesma un mérito valorado moi positivamente en bastantes ámbitos profesionais e a distinción adicional de ser poseedor do premio extraordinario de doutoramento acrecenta notablemente esa percepción positiva.

Como preparar o camiño para que o noso traballo doutoral obte con posibilidades de éxito a ese recoñecemento máximo que é o premio extraordinario merece tamén unha reflexión, que abordaremos noutro número deste boletín.

[↩ Ir ao sumario](#)

---

## Consellos *para preparar a defensa da tese*

---

Despois de moitos meses de traballo, de anos de esforzo e absoluta dedicación, chega o ansiado e temido momento de poñerse diante dun tribunal para presentar o froito dun ímprobo esforzo. É o momento de lucirse e demostrar que todos os devedos pagaron a pena.

Este curso, son moitos os doutorandos e doutorandas que están ultimando as súas teses. Co fin de darlles algúns consellos e suxestións, falamos con algúns compañeiros e compañeiras que recentemente superaron este paso e son, finalmente, doutores e doutoras pola Universidade de Santiago de Compostela. Isto é o que nos contaron.



**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1. Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?**

**2. Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?**

**3. O mellor consello que poderías dar:**




**CUSTÓDIO  
MARQUES OLIVEIRA**

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade presencial

1. Defender a tese non foi difícil, os obxectivos cumpríronse. Non obstante, aínda esquecendo as dificultades do contexto (un exame ante un tribunal), non lle direi a ninguén que a defensa sexa fácil.
2. Creo que as opcións que tomei foron as correctas, aínda que os consellos do director da tese, o profesor Rivera Otero, foron moi importantes.
3. Diríalle a quen teña que defender una tese que seleccione só algunhas conclusións. Querer telo todo en conta pode levar a nada.



**EVA MARÍA  
GARCÍA QUINTEIRO**

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade virtual

1. De primeiras, non sabes por onde comezar, así que eu optei por buscar o formato. Hai que estar preparada para saber que vas facer bastantes cambios. Nun principio queres dicir moitas cousas, pero despois descartas e quedas co simple. A min gústame moito a idea de transmitir con imaxes, polo que intentei que tivesen forza para chegar aos que asistiran ao acto de defensa.
2. Pois seguramente sexa un tópico, pero non poñerme tan nerviosa nos días previos. Faría de forma diferente os ensaios para crear un discurso menos extenso, aínda que eses ensaios tamén axudaron, de algunha maneira, a saber o que non facer.
3. Xa que non todos os días se defende unha tese, chegado o momento, disfruta da mesma e sinte curiosidade por saber e aprender das preguntas e comentarios que terá o tribunal sobre o teu traballo e presentación!

[↩ Ir ao sumario](#)

**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1.** Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?

**2.** Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?

**3.** O mellor consello que poderías dar:




**JUAN TORRELLES MANENT**

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade presencial

1. Xa é o final para o que traballamos moitas horas. O contido non é máis que propoñer o obxectivo global da tese e os obxectivos específicos, expoñendo así o máis relevante. Debes establecer as conclusións de forma clara e presentar as limitacións coas que te encontraches, así como as posibles futuras liñas de investigación. Sempre cun ton pausado e sen liarse.
2. Nun principio, todo estaba preparado para presentar a tese online, pero, o mesmo día da lectura, realizouse de forma mixta. Para min isto foi un caos. Con respecto ao contido, non cambiaría nada e ao tempo, tampouco; aínda que si cambiaría as cores da dispositiva por unhas cores máis sobrias e que non xerasen brillos.
3. Traballar a presentación como se fose a tese.



**MARTA RODRÍGUEZ CASTRO**

Área de Ciencias Sociais e Xurídicas  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade presencial

1. Recomendaríalles que asistiran á defensa dalgunha outra tese da súa área para facerse unha idea das dinámicas e protocolos destes actos. Iso si, en ningún caso debemos angustiarnos intentando replicar o que vemos, xa que cada investigación demandará unha exposición diferente.
2. Intentaría reforzar a capacidade de síntese. É importante resumir os puntos fortes da tese e expoñelos da forma máis clara e concisa posible. Se tivese sido máis sintética, non estaría tan pendente do reloxo e teríaa abordado con máis calma.
3. O meu consello é que desfrutemos o máximo posible dun acto que pon punto e final a unha etapa chea de tantos momentos gratificantes como difíciles. Chegamos até aquí e temos que celebralo!


[↩ Ir ao sumario](#)

**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1. Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?**

**2. Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?**

**3. O mellor consello que poderías dar:**




**CARLOS MAYO TORNÉ**

Área de Artes e Humanidades  
Campus Santiago

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade virtual

1. 1. Que non se improvise e se prepare con antelación. Unha presentación de calidade será valorada positivamente tanto polo público como polos membros do tribunal. É moi importante que a presentación se ensaie previamente, xa que che aportará confianza e axudarache a lidar cos nervios propios do día da presentación.
2. 2. Non me preocuparía tanto, aínda que posiblemente sexa inevitable. A defensa é un acto de celebración onde ti es o protagonista. É o final dun proceso de anos de traballo, sacrificio e que finalmente podes celebrar, así que debe ser unha experiencia positiva e agradable.
3. 3. O meu consello a quen estea preparando a súa defensa de tese é traballar duro e desfrutar na medida do posible do proceso.



**ÁLVARO DE CASTRO PALOMARES**

Área de Artes e Humanidades  
Campus Santiago

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade presencial

1. Os anos de estudo teñen que lucir neste acto. Trátase dunha «conferencia maxistral» e ti es o mestre. Hai que tratar de durmir ben, tranquilo, coa conciencia do traballo feito, polo menos desde 7 días antes. E tamén ir pensando nun, máis que merecido, descanso. Gozade do voso momento!.
2. Tede presente que é un acto público, é normal estar nervioso/a, pero, no meu caso, contar cun público de confianza axudoume a crecer a medida que transcorría a exposición. Non o digo xa como alumno que pasa dos corenta anos. Débolle moitas táboas ao piano, e á miña profesión vocacional.
3. Cando esteades alí, fronte ao tribunal, tede claro que non é momento de excusas nin hai nada que perdoar ou do que mostrar arrepentimento. Son momentos nos que toca agradecer, compartir e, insisto: gozar.

[↩ Ir ao sumario](#)

**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1. Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?**

**2. Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?**

**3. O mellor consello que poderías dar:**



**MARCOS GERARDO CALLES LOMBADO**

Área de Artes e Humanidades  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade semipresencial

1. Recomendo facer a defensa en estreita colaboración coa titora, tamén asistir a outras defensas de teses para ver como é o proceso, preparala con tempo e, unha vez rematada, facer polo menos tres ensaios completos da defensa.
2. Non repetiría a duración da defensa, senón que a faría máis breve e concisa. Quixen poñer en valor todas as cousas novidasas, pero se fose agora, centraría-me nas máis relevantes.
3. Preparar todos os detalles do día da defensa con mimo. É un día que será inesquecible.



**CELINA VILA SANJURJO**

Área Ciencias da Saúde  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade virtual

1. Traballar a estética e a proxección. Recomendo dar moita importancia á parte de introdución, nunha tarefa divulgativa que nos permite trasladar a paixón que atopamos no noso campo de investigación. Isto axudoume a gañar autoconfianza e afrontar con máis forza a defensa.
2. Trataría de deixar a última semana para coller aire, ensaiar e prepararme mentalmente e así chegar máis descansada. Eu tiven cambios de última hora, unidos a asuntos loxísticos e administrativos que me agobiaron nos días anteriores.
3. Desfrutar do día como se se tratase dunha clase maxistral na que trasladas o teu coñecemento ao tribunal e á audiencia, ese sentimento é absolutamente empoderador e único e fai que esa loita que é o doutoramento pague a pena.

[↩ Ir ao sumario](#)

**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1.** Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?

**2.** Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?

**3.** O mellor consello que poderías dar:




**MARÍA ESTRELLA  
LÓPEZ-PARDO PARDO**

Área de Artes e Humanidades  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade presencial

1. O éxito está na preparación. O tribunal xa dispón da tese, polo que a defensa debe sintetizar, centrándose nos resultados, conclusións e aplicacións. Unha boa práctica é ensaiar para gañar en fluidez e asegurar que se axusta ao tempo asignado.
2. Antes de comezar coa preparación da presentación, recomendo planificar o número de diapositivas para cada apartado. Con esta metodoloxía, optimízase moito o tempo dedicado á elaboración da exposición.
3. Diríalle ao doutorando/a que pense que a parte máis complicada está feita e que se divirta coa exposición. Ninguén sabe máis que el ou ela!



**YOLANDA  
TRIÑANES PEGO**

Área de Artes e Humanidades  
*Campus Santiago*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade semipresencial

1. Prepara a presentación con tempo suficiente, ensaia todo o que poidas, preséntaa a directores, compañeiros e a persoas que non dominen o tema. Todos eles poderán achegar suxestións interesantes para mellorar a túa presentación. Tamén é moi boa idea ensaiar na sala onde realizarás o acto de defensa para sentirte máis seguro e para comprobar todas as cuestións técnicas.
2. Tentaría controlar máis a ansiedade e os medos que poden xurdir. Aínda que certo nivel de estrés é inevitable, é importante sentirse seguro e cunha actitude positiva.
3. Goza desta parte final do proceso de doutoramento e do día da defensa!

[↩ Ir ao sumario](#)

**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1. Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?**

**2. Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?**

**3. O mellor consello que poderías dar:**



**LUIS  
URQUIJO ZAMORA**

Área de Ciencias e Enxeñaría  
*Campus Lugo*

Defensa tese xuño 2021  
Modalidade semipresencial

1. Recomendaría ter moi ben estruturado o powerpoint para a defensa, que sexa claro e sinxelo de entender para quen non coñeza o tema. Tamén recomendaría expoñelo varias veces para poder medir os tempos, ver os erros (falta de claridade, ler moi rápido, explicarse incorrectamente, etc.). Despois, volver facer o powerpoint eliminando o que sobra, é superfluo ou é molesto de explicar.
2. Creo que non cambiaría nada.
3. O mellor consello: traballa ben a exposición, practícaa e vai tranquilo á defensa.



**JORGE ALBERTO  
SUÁREZ GAREA**

Área de Ciencias e Enxeñaría  
*Campus Santiago*

Defensa tese xullo 2021  
Modalidade virtual

1. A miña recomendación é levar un CV actualizado xa que, cando necesitas información relativa ás actividades realizadas durante o doutoramento (isto pasará máis habitualmente do que nos gustaría), evitarás ter que perder o tempo repasando un motón de documentos para recompilar dita información.
2. Non empezaría a tese. Que va, é broma! O que si evitaría é facer unha única estancia, xa que é unha experiencia moi enriquecedora e deberían facerse, canda menos, dúas ou tres.
3. O meu mellor consello é: aproveita cada experiencia para aprender cousas novas, estean ou non relacionadas co teu campo, pois a vida dá moitas voltas.


[↩ Ir ao sumario](#)

**Consellos para preparar a defensa da tese**

**1. Que lle recomendas aos compañeiros e compañeiras que van defender a súa tese proximamente?**

**2. Que non farías hoxe se puideras repetir esta defensa?**

**3. O mellor consello que poderías dar:**



**RODRIGO  
VILLAR MARIÑO**

Área de Ciencias e Enxeñaría  
*Campus Santiago*

Defensa tese xullo 2021  
Modalidade semipresencial

1. Non obsesionarse moito. Ti es o maior especialista na sala sobre o teu tema, así que confía na túa metodoloxía e conclusións, xa que se estás defendendo, os teus resultados xa pasaron varios filtros.
2. Faría algún ensaio menos para que a exposición fose máis natural.
3. Non facer nada o día anterior relacionado coa tese.



**ROCÍO  
FACORRO SOUTO**

Área de Ciencias e Enxeñaría  
*Campus Santiago*

Defensa tese xullo 2021  
Modalidade presencial

1. Na presentación, recomendo claridade e intentar evitar exceso de información. Capacidade de síntese e adaptación ao tempo. É moi recomendable concertar ensaios previos cos directores para aclarar dúbidas ou recibir “feedback” de espectador.
2. Poñer en cuestión o traballo durante a preparación da defensa da tese e realizar cambios no último momento.
3. Ter confianza no traballo realizado durante a tese, para abordar a defensa con seguridade e tranquilidade.

[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## Reunión informativa para alumnos/as da EDIUS

O 20 de outubro celebrouse no Edificio de Formación da EDIUS unha reunión informativa para dar a benvida ao alumnado da Escola, facendo especial fincapé nos doutorandos e doutorandas de nova incorporación.

Na reunión, á que houbo alumnado que asistiu telematicamente vía Teams e outra parte que optou pola presencialidade, fíxose un repaso dos trámites que deben realizar e facilitouse toda a información que puidera resultar do seu interese.

O director da EDIUS, **Pablo Ta-  
boada**, fixo un repaso pola funcionalidade, estrutura e funcións da Escola de Doutoramento, así como polos tipos de teses, prazos para a súa presentación, o papel dos directores/as, tutores/as, etc.

A subdirectora de Artes e Humanidades, **Dolores Vilavedra Fernández**, reconeceu que era unha “honra e satisfacción a presenza de persoas de fóra que elixiron a USC”. Vilavedra recomendoulle aos doutorandos/as que veñen doutros lugares que aproveiten a súa estadia en Galicia “para coñecer outro país, outra cultura e outra lingua”.

**Isabel Neira Gómez**, encargada das actividades formativas da EDIUS, explicou a importancia da formación e de mostrar “paixón e ilusión polo que facedes”. Engadiu que os cursos e seminarios que a USC ofrece “non teñen nada que envexar” ao que se fan noutras universidades dentro e fóra de España.

Pola súa parte, **Eva Rodil Rodríguez**, secretaria da Escola de Doutoramento, aproveitou a xuntanza para dar a benvida a todos e todas á cidade de Santiago.

Antes de rematar a reunión, a presidenta da **Asemblea de Investigadoras de Compostela** fixo unha presentación do colectivo como un lugar de encontro onde debater sobre as problemáticas que afectan ao colectivo investigador da USC.



Reunión de benvida ao novo alumnado da EDIUS.

[↩ Ir ao sumario](#)



**EDIUS** NOVAS

## AgroMar reforza a defensa da necesidade de actividade científica e a mellora dos dereitos da mocidade investigadora

O 8 de outubro tivo lugar no Auditorio da facultade de Veterinaria do Campus Terra, en Lugo, o acto inaugural da Asociación de Investigadores AgroMar deste curso académico 2021/2022. Este colectivo enfía o seu terceiro ano de vida co obxectivo de garantir a continuidade e, no seu caso, reforzar a produción científica que xa se está a desenvolver, na sede universitaria luguesa, nos ámbitos agroforestal, da saúde e da sanidade animal.



Acto de presentación de AgroMar.

A defensa da necesidade de actividade científica e a mellora dos dereitos da mocidade investigadora son outros dos leitmotiv de AgroMar. Ademais, quere proporcionar un punto de encontro no Campus Terra “para compartir experiencias e debater sobre as problemáticas deste colectivo”.

O acto, presidido polo vicedecano de Organización Docente da facultade de Veterinaria, Luís Ángel Quintela Arias, contou tamén coa presenza da coordinadora adxunta para Investigación do Vicerreitorado de Lugo, Elvira López Mosquera; do subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas, José Miguel Túnuez López; e da presidenta da Asociación de Investigadores AgroMar, Luz Lestón Cambeiro. Todos mostraron o seu entusiasmo pola creación dunha Asociación de Investigadores en Lugo e confían en que axude a darlle vida a este Campus Terra.

Luz Lestón Cambeiro, doutoranda da facultade de Veterinaria no departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía, é a presidenta de AgroMar. Inicialmente, a asociación estaba formada por estudantes predoutorias e foi, sobre todo, un punto de encontro para doutorandos e doutorandas da facultade de Veterinaria, organizando tamén cursos de formación e outras actividades. Toda esta dinámica veuse interrompida pola pandemia da Covid-19, xa que tiveron que cancelarse as actividades en marcha “e as reunións por Teams non son o mesmo”, segundo indica a presidenta.

[↩ Ir ao sumario](#)

Aínda así, nestes últimos anos sucederon cousas importantes para a asociación, “sendo a máis salientable que Manuela de Acevedo, estudante posdoutoral do campus, púxose en contacto con nós para propoñernos ampliar a asociación a estudantes posdoutorais, e así unir forzas”, engade Luz Lestón. A proposta foi acollida “cos brazos abertos e axudou enormemente á reactivación da nosa actividade”, afirma Lestón. Ademais, “estamos chegando cada vez máis a outras facultades, sobre todo da EPS, e esperamos nun futuro seguir ampliando horizontes”, sinala.

Por mor de todos estes cambios, a dirección de AgroMar decidiu levar a cabo un acto “para vernos de novo os que xa nos coñecíamos, para dar a benvida aos que acaban de chegar e para celebrar esta reestruturación que esperamos nos axude a dinamizar o campus e servir de apoio a máis investigadores coma nós”, explica a presidenta.

AgroMar é unha asociación formada por uns 50 socios, sobre todo da facultade de Veterinaria e da EPSE. Aglutina estudantes pre, posdoutorais e outras figuras como investigadores asociados ou non consolidados.

AgroMar tamén desexa promover a formación avanzada e transversal dos investigadores, máis alá da formación regrada, así como implicar á comunidade científica na defensa dos seus dereitos, na mellora das súas condicións laborais e, polo tanto, na súa profesionalización digna.

Dous relatorios a cargo da profesora Azucena Mora e de César Pérez Cruzado, investigador Ramón y Cajal e profesor do Departamento de Enxeñaría Agroforestal na EPS, permitiron aos investigadores en formación coñecer como se desenvolveu desde o principio, a carreira investigadora destes dous docentes da USC, achegando ademais algunhas recomendacións á mocidade. Ao remate das intervencións e logo dunha quenda aberta de preguntas, o encontro da Asociación de Investigadores AgroMar da USC rematou cunha foliada no auditorio da Facultade de Veterinaria.



Imaxe das persoas que asistiron ao acto de presentación de AgroMar.

EDIUS NOVAS

## Premio ‘Roberta Kevelson’ para a doutoranda Jamila Farajova



Jamila Farajova, premio ‘Roberta Kevelson’.

A estudante de doutoramento en Lingüística Jamila Farajova vén de recibir o **‘Roberta Kevelson Award’** polo artigo titulado “The vehicle of the process of semiosis”. O premio foi entregado o pasado 23 de outubro na conferencia “Addressing Precarity: Semiotics, Semiosis, and Semioethics”, organizada pola ***Semiotic Society of America*** (SSA).

Jamila Farajova, que está realizando a tese “Análise linguo-semiótico de textos ingleses” baixo a dirección do profesor Víctor Manuel Longa Martínez, atópase na actualidade facendo unha estadía de investigación no departamento de Semiótica da Facultade de Filosofía e Semiótica da **Universidade de Tartu** (Estonia).

O Premio Kevelson, establecido no ano 2000, premia o mellor traballo dun estudante de doutoramento presentado na reunión anual da SSA. Os criterios polos que foi premiado o artigo son, entre outros, o “orixinal e prometedor”, tema de investigación na disciplina da semiótica, a organización “lóxica e clara, que demostra capacidades de análise e síntese”, a “claridade, concisión, citas apropiadas de fontes primarias e secundarias” na redacción, así como a “valiosa contribución á comprensión da disciplina máis ampla da semiótica”.

Este recoñecemento supón para a premiada a presentación do traballo na Conferencia Anual, a súa publicación en *Semiotics Yearbook*, e a condición de membro gratuíta na SSA durante o ano seguinte ao premio.

Para a doutoranda da USC, o título ‘Kevelson Award Recipient’ significa “un recoñecemento dentro da sociedade semiótica, un cambio significativo no meu estatus social e académico e unha verdadeira satisfacción por ter logrado o que quería”. Jamila Farajova engade que este premio “é un signo de autorrealización. Por iso, tamén quero expresar os meus máis sinceros agradecementos ao meu director de tese, quen, con moita paciencia, me apoiou coas súas valiosas recomendacións”.

### Artigo

O traballo de Jamila Farajova examina o vehículo do proceso de semiose, a forza ou o medio polo cal se reconece a existencia dun signo e polo que se leva a cabo a semiose. Ademais, o artigo analiza dous tipos principais de semiose: informativa e comunicativa, tratando as similitudes e diferenzas entre ambas.

O obxectivo xeral e a contribución central desta investigación foi a unificación da terminoloxía na Semiótica Xeral Contemporánea. O texto propón o termo “vehículo do proceso de semiose” como unificador de todos os termos anteriormente mencionados, e tamén o termo de “non intencionalidade da semiose informativa”, que “é fundamental para entender a diferenza entre información e comunicación”, tal e como explica Farajova.

↩ [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Aberta a inscrición para tomar parte no Programa de Innovación Akademia

A USC e **Uninova** organizan, en colaboración coa **Fundación Innovación Bankinter**, unha nova edición do **Programa de Innovación Akademia**.

A través dun formato en liña estruturado en tres convocatorias, este programa ofrece a oportunidade de integrarse en grupos, dun máximo de 30 persoas, formados por estudantes non só da USC, senón tamén das universidades **Politécnica de València**, **Pompeu Fabra**, **Loyola**, **Universidade de Murcia** e o **Instituto de Estudios Bursátiles**.

A participación na **presente edición** terá carácter gratuíto para os alumnos da USC, aínda que será preciso facer un depósito de 50 euros ao inicio, que lle será reintegrado a todos os participantes que finalicen o programa. Os contidos que se abordarán ao longo das oito sesións do curso, tratarán a innovación, a enerxía ou as telecomunicacións como base para aprender a innovar e a adiviñar tendencias.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## O Día da Ciencia en Galicia homenaxea a Jimena Fernández de la Vega, primeira licenciada en Medicina pola USC

O 8 de outubro celebrouse o Día da Ciencia en Galicia. Este ano, a Real Academia Galega da Ciencia (**RAGC**) quixo homenaxear á xenetista Jimena Fernández de la Vega, quen foi, xunto á súa irmá xemelga Elisa, a primeira muller licenciada en Medicina pola USC. A RAGC reconece, deste xeito, como ‘Científica Galega do Ano’.



Participantes na homenaxe.

A homenaxe contou coa intervención da súa sobriña María Teresa Fernández de la Vega, ex vicepresidenta do Goberno e, na actualidade, presidenta do Consello de Estado. Asemade, Constanza Sánchez Ferrari, sobriña neta da homenaxeada, interveu para dar lectura ás palabras do seu pai, Wenceslao Sánchez Fernández de la Vega, sobriño de Jimena.

### Pioneira

En 1913, Jimena matriculouse na Facultade de Medicina da USC. Realizou o exame de grao da licenciatura en xuño de 1919, aprobando con sobresaliente e, en setembro, conseguiu un dos dous Premios Extraordinarios concedidos. Tres anos máis tarde, doutorouse na Universidade Central en Madrid e, en 1933, foi nomeada directora da “Sección de Xenética e Constitución”. Logo da Xenética, orientou a súa traxectoria cara á hidroloxía médica.

[↩ Ir ao sumario](#)

O acto institucional do Día da Ciencia en Galicia serviu para poñer en valor a súa traxectoria, así como o “carácter loitador” da homenaxeada. Alén do reitor da USC, Antonio López, tomaron parte no acto o presidente da RAGC e profesor emérito da USC, Juan Lema Rodicio, así como o catedrático da institución compostelá e académico numerario da Sección de Bioloxía e Ciencias da Saúde da RAGC, Ángel Carracedo.

### Medallas de Investigación

Igualmente, o catedrático e a catedrática da USC Carmen Álvarez Lorenzo e Manuel Eulogio Ladra González recolleron as Medallas de Investigación da RAGC como distinción das súas traxectorias consolidadas como científicos galegos en activo. Xunto a estes investigadores tamén resultaron premiados Carlos Hervés Beloso da UVigo, e Luis Castedo Ribas e María Antonia Señaris Rodríguez da UDC.

**Carmen Álvarez Lorenzo** (Santiago de Compostela, 1970) recibe a medalla Ánxeles Alvariño González, da sección de Bioloxía e Ciencias da Saúde. É catedrática de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica na USC, ademais de académica numeraria da Real Academia de Farmacia de Galicia e fellow do American Institute for Medical and Biological Engineering (**AIMBE**). Conta con 23 anos de investigación posdoutoral en institucións como o Massachusetts Institute of Technology (**MIT**) e en colaboración con industrias. As súas achegas recóllense en máis de 300 artigos en revistas indexadas, 37 capítulos de libro, dous libros en co-edición, preto de 400 comunicacións a congresos e 18 patentes, algunhas delas estendidas a outros países europeos, USA e Xapón. “Esta distinción supón un estímulo e tamén un reto para o meu traballo futuro”, manifesta ela.

A medalla Enrique Vidal Abascal, da sección de Matemáticas, Física e Ciencias da Computación, correspondeulle a **Manuel Eulogio Ladra González** (A Coruña, 1956). É catedrático de Álgebra na USC e socio da Real Sociedade Matemática Española (**RSME**). Con 43 anos de actividade docente, Ladra desenvolveu toda a súa actividade académica, profesional e investigadora na USC. Así mesmo, o galardoadado é investigador principal de varios proxectos nacionais e internacionais e o seu labor investigador é difundido en máis de 130 artigos publicados en revistas de impacto internacional. Actualmente, é coordinador e investigador principal da Rede de Investigación REDE EACA (rede temática de cálculo simbólico, álgebra computacional e aplicacións). Este apunta “A medalla é un respaldo á investigación pura en matemáticas, no meu caso particular á disciplina da álgebra”.

**Carmen Álvarez  
Lorenzo e  
Manuel Eulogio  
Ladra González  
recolleron as  
Medallas de  
Investigación da  
RAGC como  
distinción das  
súas traxectorias  
consolidadas  
como científicos  
galegos en activo**

## **catro cousas**

## Os resultados:


# Queres deseñar a oferta formativa para o doutoramento?

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida.)

Se tiveras que completar a oferta formativa para o alumnado de doutoramento, que curso ou actividade incluírías?



- ❑ Algunha máis relacionada especificamente con humanidades, quizais sobre o tratamento dos repositorios bibliográficos como o da Biblioteca nacional, Galiciana, etc.
- ❑ Sobre o manexo de sistemas informáticos varios (estadística, GIS, bases de datos...) enfocado en casos globais, non tanto específicos. Tamén sobre todo cursos de Word para poder sacarlle partido ás súas múltiples ferramentas á hora de escribir e maquetar a tese.
- ❑ Sobre datos de panel en R.
- ❑ Obradoiros dirixidos a cuestións técnicas ou prácticas de escritura, xestión do tempo, estratexias de traballo, coaching...
- ❑ Procesos, etapas e formación a ter en conta no período de doutoramento.
- ❑ Sobre como contruír unha carreira académica. É dicir, onde publicar, como iniciarse en todo, aspectos a ter en conta, como iniciarse a poder dar formación, etc.
- ❑ Linguaxe académico (non tanto sobre ortografía, senón sobre como redactar de acordo ao rexistro)
- ❑ Etapas dunha tese en CC Sociais, estrutura, redacción.
- ❑ Manexo de Excel, base de datos, cursos de R para economía e ciencias sociais, tipos de escritura e investigación, formación en metodoloxías e deseños.
- ❑ Un curso de iniciación á investigación, no cal se fale por exemplo das diferentes revistas e métodos de publicación; un curso de latín antigo e medieval (que quizais se podería impartir virtualmente subindo vídeos e que o/a doutorando/a soamente se adscriba ao período que lle interesa para elaborar a tese, puidendo facer tamén unha xornada práctica) e un curso de paleografía, cun esquema parecido ao anterior de períodos antigo e medieval e vídeos na aula virtual.
- ❑ Estadística básica (básica de verdade), transcripción de arquivos lingüísticos, presentacións eficientes ou creación de carteis/infografías.
- ❑ Montar unha formación intensiva GradSchool de 5 días de duración en competencias transferibles.
- ❑ Curso sobre noções básicas de econometría e estadística; curso de introdución á investigación (tipos de análises, variables, metodoloxías, etc.); cursos concretos sobre metodoloxías (SEM, fsQCA, análise bibliométrica, tipos de análises con series temporais e/ou datos panel...).
- ❑ Arquivos e museos galegos, para coñecer o patrimonio documental que temos preto de nós. Algún curso sobre como falar en público, para mellorar as habilidades de comunicación para o noso futuro profesional.
- ❑ Análise de datos estatísticos, como realizar unha revisión sistemática e metaanálise.
- ❑ Actividade deportiva para relaxar a mente e así investigar mellor.
- ❑ Sobre *academic writing*.

 [Ir ao sumario](#)

 **catro cousas**


Os resultados:

## Queres deseñar a oferta formativa para o doutoramento?

(Os resultados non son representativos porque a participación na enquisa foi reducida.)


Cal é o mellor horario para programar actividades formativas dirixidas a doutorandos/as

Pola mañá
  Pola tarde
  Durante todo o día
  Indistinto




Cal é o mellor frecuencia para as actividades formativas na etapa da tese


En varios días consecutivos, con poucas horas cada día
  Concentrada nun ou dous días
  En varios días de diferentes semanas



Prefires actividades

Presenciais
  Online
  Duais



 [Ir ao sumario](#)






**catro  
cousas**

# Estadías

Responder pregunta





# Formación

## Actividades

Outubro 2021

Profesorado:

A investigación ao servizo da empresa e a sociedade

**Curso 1. De directores e directoras de tese a referentes.  
Habilidades de liderado e xestión de equipos**

18 (presencial), 23 (online), 25 (online) de novembro e 2 (presencial) e 9 (presencial) de decembro de 2021

Aula de formación da EDIUS de 10:00h a 12:00h - Matrícula: do 4 ao 12 de novembro de 2021 **Secretaría virtual**

Alumnado:

**Tecnoloxías de análise de información xeo-espacial para investigación**

ONLINE: 15, 17, 19, 22, 24, 26 e 29 de novembro de 2021  
De 10:00h a 12:00h



**Aplicacións de Python ao tratamento da linguaxe natural**

PRESENCIAL: 2, 3, 5, 8 e 10 de novembro de 2021  
Facultade de Filoloxía, Aula C04 de 18:00 a 20:00h



**Todas as actividades**




 [Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## Formación en inglés sobre Estatística en SPSS



Thomas Schøtt, profesor emérito da University of Southern Denmark (SDU).



**Thomas Schøtt**, profesor emérito da University of Southern Denmark (SDU), estará en Santiago de Compostela durante o mes de novembro impartindo dous cursos de formación, sobre ‘Statistics in SPSS (Application in social science and humanities)’, isto é, Estatística en SPSS (Aplicación ás Ciencias Sociais e Humanidades).

Trátase dunha formación dividida en dúas partes: un primeiro curso básico, que se realizará os días 15, 17 e 19 de novembro; e outro avanzado, os días 22, 24 e 26 do mesmo mes. As dúas actividades formativas, que serán impartidas integramente en inglés, teñen como obxectivo capacitar aos participantes para realizar investigacións en humanidades mediante métodos cuantitativos, é dicir, recollendo e analizando información expresada en números, e extraendo conclusións mediante a estatística.

A formación do profesor Thomas Schøtt constará dunhas charlas para a formación en análise de datos, con gráficos e estatísticas, en ordenadores portátiles empregando un *software* común, SPSS.

[↩ Ir ao sumario](#)


**EDIUS** **NOVAS**

## Como preparar unha carreira académica, segundo o profesor Rafael Repiso

Profesor da UNIR, diplomado en Biblioteconomía, licenciado en Documentación, máster en Evaluación Científica, doutor en Documentación (2013) e Doutor en Comunicación (2019).

Rafael Repiso, profesor da Universidad Internacional de La Rioja (**UNIR**), ofreceu un curso sobre 'Como preparar unha carreira académica' dentro das actividades formativas da EDIUS deste curso. Por terceiro ano consecutivo, Repiso, con experiencia en xestión bibliotecaria e avaliación científica, fixo fincapé na idea de que cada carreira académica debe planificarse detidamente.

Neste curso, a carreira académica analizouse a partir do paradigma da marca, o que facilita aos novos estudantes a comprensión da importancia de construír unha marca persoal académica baseada principalmente nun factor: o traballo. Este curso ofreceu unha perspectiva de como debe ser unha carreira académica exitosa, as súas diferentes etapas, elementos, erros, etc. Todo isto pensado para que os doutorandos e doutorandas planifiquen e optimicen os seus recursos dende o comezo para acadar o éxito que procuran.



[↩ Ir ao sumario](#)

Rafael Repiso, profesor da Universidad Internacional de La Rioja (UNIR), ofreceu un curso sobre 'Como preparar unha carreira académica'.

ENTREVISTA



Susana Rodríguez

Susana Rodríguez repite este curso o taller sobre Xestión do Tempo e do Estrés durante a etapa da tese. Despois do éxito e da gran demanda da formación anterior, esta doutora en Psicopedagogía e profesora no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade da Coruña tratará de facer entender, con cursos presenciais nos campus de Santiago e Lugo, as claves para afrontar esta etapa do xeito máis beneficioso para a saúde mental.

Susana Rodríguez, profesora do curso  
'Xestión do Tempo e do Estrés durante a etapa da tese'

## «As condicións financeiras e de vida, xunto coa incerteza laboral, son os factores que máis afectan ao benestar emocional no período da tese»

**Repíte de novo un curso sobre xestión do tempo e do estrés. Existe unha maior concienciación sobre os problemas psicolóxicos que pode carrear a preparación dunha tese?**

Sen dúbida, todos e todas imos tomando maior conciencia das consecuencias a medio e longo prazo dos problemas psicolóxicos e da relevancia da prevención no eido da saúde mental e o proceso de realización dunha tese de doutoramento constitúe un fito no que podemos precisar axuda e apoio psicolóxico.

**Hai agora máis persoas que padecen esta situación ou é, simplemente, que xa non se oculta tanto?**

Quizais a chave está en que, até o de agora, non dispoñiamos de información sobre os estudantes de doutoramento. Nesta última década, a investigación dirixiu a súa ollada a esta poboación e comprobou que catro de cada dez estudantes de doutoramento informan de insatisfacción, estrés e/ou sintomatoloxía depresiva.

**Cales son as causas do estrés durante esta etapa?**

A investigación coa poboación de doutorandos e doutorandas, que aínda é

escasa, suxire que as condicións financeiras e as condicións de vida, xunto coa incerteza laboral e profesional, son os factores que máis afectan ao benestar emocional durante o período da tese. Entran tamén como factores explicativos da satisfacción durante este proceso a propia percepción de competencia e un sistema de traballo regular, aspectos nos que precisamente se centra este taller. Un horario de traballo regular, un réxime de sono adecuado, dispor dunha rede de apoio de compañeiros/as ou grupos de traballo, e contar cun asesoramento inspirador por parte das direccións establécense como factores que poden previr a elevada sintomatoloxía psicolóxica dos/as doutorandos/as.

**De que xeito pode afectar o estrés aos doutorandos e doutorandas?**

